

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE DEFENSA

**6248** *Corrección de erros da Orde DEF/426/2017, do 8 de maio, pola que se aproba o réxime do profesorado dos centros docentes militares.*

Advertidos erros na Orde DEF/426/2017, do 8 de maio, pola que se aproba o réxime do profesorado dos centros docentes militares, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 117, do 17 de maio de 2017, efectúanse as oportunas rectificacións:

1.º No artigo 11, Profesores honoríficos, no punto 3 da páxina 7, onde di:

«3. O nomeamento de profesor honorífico non comporta ningún tipo de relación contractual, laboral nin administrativa. O dito nomeamento do profesor emérito será publicado no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa» mediante a fórmula reflectida no anexo I.»

Debe dicir:

«3. O nomeamento de profesor honorífico non comporta ningún tipo de relación contractual, laboral ou administrativa. O dito nomeamento será publicado no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa» mediante a fórmula reflectida no anexo I.»


2.º No artigo 13, Profesores asociados, no punto 5 da páxina 8, onde di:

«5. Os profesores asociados militares a que se refire o número 1 serán nomeados polo xefe do mando de Adestramento e Doutrina do Exército de Terra, polo xefe de Persoal da Armada e polo xefe do mando de Persoal do Exército do Aire, para os centros docentes militares do seu respectivo exército, e polo director xeral de Recrutamento e Ensino Militar para o resto. Aqueles a que se refire o número 2 serán nomeados polo director de ensino respectivo e polo subdirector de Ensino Militar no caso da Academia Central da Defensa e resto de centros docentes militares.»

Debe dicir:

«5. Os profesores asociados militares a que se refire o número 1 serán nomeados polo xefe do mando de Adestramento e Doutrina do Exército de Terra, polo xefe de Persoal da Armada e polo xefe do mando de Persoal do Exército do Aire, para os centros docentes militares do seu respectivo exército, e polo director xeral de Recrutamento e Ensino Militar para o resto. Aqueles a que se refire o número 2 serán nomeados polo director de ensino respectivo e polo subdirector xeral de Ensino Militar no caso da Academia Central da Defensa e resto de centros docentes militares.»

3.º No anexo III, Distintivos de permanencia e función do profesorado, no punto 2, ao inicio da páxina 20, onde figura:



Debe figurar:

